



CONCURSO PÚBLICO PARA A ADXUDICACIÓN, EN COMPRAVENDA OU DEREITO DE SUPERFICIE, DE LOTES DE PARCELAS DE SOLO RESIDENCIAL PROPIEDAD DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO NO POLÍGONO 1 DE SAN PAIO DE NAVIA (VIGO), CON DESTINO Á CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA.

EXP: SR25-P-VIGONAV-1-ECV_LOTE 7

ACTA DE APERTURA DOCUMENTACIÓN SOBRE C

ORDE DO DÍA:

1. Constitución da Mesa de contratación.
2. Aprobación do Informe de baremación das proposicións técnicas (Sobre B) do Lote 7 do 21 de outubro de 2025 da arquitecta da Oficina Técnica de Solo do IGVS.
3. Apertura do sobre de criterios avaliáveis de forma automática (Sobre C) do lote 7 do expediente: SR25-P-VIGONAV-1-ECV
4. Acordos da Mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	5.11.2025	Hora:	12.25 h
Lugar:	IGVS-Polígono de Fontiñas, Área Central S/N, 15702 - Santiago de Compostela (salón de actos, 1º andar)		

No lugar, día e hora sinalados, constitúese a Mesa de Contratación para proceder á apertura do Sobre C correspondente ao Lote 7 do expediente no encabezamento reflectido, coa participación dos seguintes membros:

PRESIDENCIA	Alberto Eiras Martínez	Xefe da Unidade Xurídico-Administrativa do IGVS.
VOGAIS	Roberto Barcia Casanova	Letrado. Asesor Xurídico do IGVS
	Mª Sagrario Roel Alonso	Xefa de Servizo-Representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
	Alberto Feijoo Rodríguez	Xefe da Oficina Técnica de Solo do IGVS.
SECRETARÍA	José Luis Montero Senra	Xefe do Servizo de Contratación do IGVS.

Asisten de xeito presencial todos os membros.

2. APROBACIÓN DO INFORME DE BAREMACIÓN DAS PROPOSICIÓNS TÉCNICAS (SOBRE B) DO LOTE 7 DO 21 DE OUTUBRO DE 2025 DA ARQUITECTA DA OFICINA TÉCNICA DE SOLO DO IGVS.

Con carácter previo á apertura do acto público, procedese pola Mesa de Contratación á lectura e aprobación do Informe Técnico do 21 de outubro de 2025. elaborado pola arquitecta da Oficina Técnica de Solo do IGVS, relativo á baremación das proposicións técnicas, constatase pola Mesa as que as puntuacións acadadas polos licitadores son as seguintes:



	B. CRITERIOS DE VALORACIÓN (90 Puntos)				TOTAL
	B.1 Proposta arquitectónica	B.2 Eficiencia enerxética	B.3 Outros	B.4 Estudo de viabilidade económica	
Empresa / Máxima puntuación	55,00	14,00	10,00	10,00	89,00
1 ALBOREXAR SCG	52,50	14,00	10,00	10,00	86,50
2 OLIVEIRA DOS CEN ANOS	52,50	14,00	10,00	10,00	86,50
3 ARCO DA VELLA	38,50	12,50	2,50	10,00	63,50
4 XESTIÓN DE AUTOPROMOCIÓN	30,50	14,00	7,50	5,00	57,00

Á vista do establecido no dito informe, a Mesa comproba que todos os licitadores resultaron admitidos segundo o disposto na base 7.3.

3. APERTURA DO SOBRE DE CRITERIOS AVAILABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C) DO LOTE 7 DO EXPEDIENTE: SR25-P-VIGONAV-1-ECV.

O Secretario da Mesa procede á apertura das ofertas do Sobre C e á lectura dos valores ofertados:

	Licitador	Proposición económica (Ata 10 p)				Declaración de prioridade	Régime e modalidade	Forma de adxudicación
		BASE IMPOÑIBLE CANON ANUAL	BASE IMPOÑIBLE	IMPOSTOS	Total			
1	ALBOREXAR SCG	26,40 €	26.400,00 €	5.544,00 €	31.944,00 €	S/P	ESPECIAL ALUGUEIRO	DEREITO DE SUPERFICIE
2	OLIVEIRA DOS CEN ANOS	52,80 €	52.800,00 €	11.088,00 €	63.888,00 €	S/P	XERAL ALUGUEIRO	DEREITO DE SUPERFICIE
3	ARCO DA VELLA	26.40 €	26.400,00 €	5.544,00 €	31.944,00 €	2,4,3,7,9,5,8,6	ESPECIAL ALUGUEIRO	DEREITO DE SUPERFICIE
4	XESTIÓN DE AUTOPROMOCIÓN	52.80 €	52.800,00 €	11.088,00 €	63.888,00 €	S/P	XERAL ALUGUEIRO	DEREITO DE SUPERFICIE

Concluída a lectura dos valores avaliados de forma automática ofertados polos licitadores e non formulada observación algunha por parte dos asistentes, finaliza o acto público de apertura.

4. ACORDOS DA MESA.

Como consecuencia das actuacións realizadas con ocasión da apertura dos sobres cos criterios avaliados de forma automática, a Mesa adopta, por unanimidade dos seus membros, os seguintes acordos:

- Aprobar o Informe Técnico 21 de outubro de 2025. elaborado pola arquitecta da Oficina de Solo do IGVS, relativo á baremación das proposicións técnicas.
- Encomendar ao persoal da Dirección Técnica de Solo Residencial do IGVS a elaboración do informe segundo o disposto na base 7.4 de todas as ofertas presentadas para a Resolución de adxudicación da oferta que resulta máis ventaxosa pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Por último, o Presidente levanta a sesión e dá por rematado o acto.

Asínase electronicamente a presente acta.

O PRESIDENTE

Alberto Eiras Martínez

O SECRETARIO

José Luis Montero Senra

